

Avelino Pousa

O mestre, o educador, o soñador dunha nación libre e solidaria

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago

De Nova Escola Galega

O educador

Avelino Pousa, aquel mozo enchoupado de intensos saberes lingüísticos e populares aprendidos no Val da Barcala, e con hábitos de estudo adquiridos no Seminario, chegou á Escola de Maxisterio, situada no corazón de Compostela, en San Xerome, cando a República estaba a asentarse socialmente. No tempo preciso en que se falaba da necesaria reforma política e democrática da educación en España e tamén en Galicia. No tempo en que había unha consideración favorable do reformismo e do activismo didáctico e educativo, que impulsaban, por unha parte, a Institución Libre de Enseñanza e a *Revista de Pedagogía* de Luzuriaga, e por outra, o intenso e plural movemento internacional da Escola Nova e Activa. Era, entón, posible acceder a algúns textos de Dewey (*learning by doing*), de Clapàrede, coa súa proposta de educación funcional asentada sobre o funcionalismo psicolóxico, de Montessori, sobre a escola infantil, de Decroly, cos seus centros de interese didáctico e coas súas propostas de globalización, de Ferrière, que falaba da autonomía dos escolares, ...ou de Freinet, cos seus ensaios de uso da imprenta escolar arredor da libre expresión infantil. E unha mancha de profesores, homes e mulleres, de toda Galicia estaban a comezar ou aínda a fortalecer novos camiños e modos de pensar e de facer escola. Por certo; resposta ben a aquel espírito *A lingua das bolboretas* de Rivas e Cuerda.

O conxunto parecía encaixar coas experiencias de vida do normalista; e novas aprendizaxes viñan fortalecer a formación de Avelino Pousa. Entre o profesorado semella que para el destacou o profesor da Escola de prácticas anexa e tamén profesor de Pedagogía na propia Escola de Maxisterio José Toba Fernández, militante galeguista e autor en 1935 dun breve, mais coidado ensaio *Problemas que nos plantea la escuela y el niño de Galicia*¹. E o normalista tamén deu en soñar na nova nación galega, ao punto de encabezar o listado de 24 ensinantes que poucos días antes do Plebiscito do Estatuto chamaban públicamente a través dos xornais á votación afirmativa:

Non podíamos nós quedar ao marxen do movemento de autodeterminación política da Nosa Terra...Solicitamos un posto nas avangardas da loita pol-o conqwerimento das liberdades de

¹ O breve documento foi un encarte publicado en 1935 no interior do nº 8 do *Boletín de Vanguardia Pedagógica*, Boletín-Revista que promovía a Asociación de Vanguardia Pedagógica fundada a finais de 1934 na Coruña, e que se editaba en *El Noroeste*. Reproducímolo nos anexos do noso libro *A reforma da Educación (1907-1936)*, Sada: Edicións do Castro, 1996.

Galicia...A escola ten de sere o berce dunha nova estruturación social. Queremos facer do ensino unha sementeira de cooperación e de cultura...²

Xa con anterioridade reclamara, sumándose a outras vontades, unha escola galega e unha pedagogía galega, desde as páxinas de *El Pueblo Gallego*, por medio dunha columna sintomáticamente titulada “Política y Pedagogía en Galicia”. Estaba, pois, a dar sinais de futuro un novo mestre, con condicións sólidas de educador, no senso máis completo da palabra. Outro horizonte en grande medida tronzado no 36.

A pesar de que “toda a casa ía ser de pedra...na longa noite de pedra”, como escribiu Celso Emilio Ferreiro, o mestre e o soñador tiveron conta das aprendizaxes e mantiveron o lume, mesmo que ás veces fora con disimulo. Semella que aquel tempo da República e mesmo a música que oíra aos padroeiros do galeguismo republicano habían de permanecer para sempre con Avelino Pousa ao longo da súa vida e dos seus traballos, unha parte deles como docente en escolas públicas rurais (aínda en Tenerife) ou na singular, modélica e experimental escola de orientación agropecuaria da Granxa Barreiros de Sarria, que o empresario agrario Antonio Fernández López promoverá a partir de 1948, contando con Avelino Pousa coma o mestre e o educador necesario, absolutamente necesario entre 1948 e 1955, despois de ter apoiado a súa especialización agropecuaria realizada mediante unha estadía en Zaragoza. No fin dos pasados anos Oitenta deixou memoria escrita do acontecido: o que na Escola de Barreiros de Sarria levou a cabo como educador, con mentes de construír unha nova escola rural galega, como a soñada no tempo anterior á Galicia do Estatuto e da que falara, entre outros, Johan Vicente Viqueira; a semente que dalí trasladou aos Cursiños agropecuarios para Mestres na provincia de Lugo; e a influencia directa que tivo sobre outros mestres, como Vicente Devesa, ou como o seu alumno Valentín Arias López, foi felizmente narrado polo mesmo Avelino Pousa no seu libro *A escola agrícola da granxa Barreiros: unha escola para a Galicia rural*³, e foi tamén motivo de análise e de estudo histórico-educativo por parte do profesor Narciso de Gabriel (1989)⁴. Unha das moi contadas experiencias pedagóxicas acertadas e singulares que aconteceron en Galicia no tempo do franquismo; unha innovación que era memoria dun tempo democrático e primeiro lume do tempo creativo que abrollaría contra fins dos setenta.

² “O maxisterio diante da autonomía de Galicia”, en *Vida Escolar* (Lugo), nº 490 (1936).

³ Sada: Edicións do Castro, 1988.

⁴ GABRIEL, N. de, *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, 1989. O que inicialmente fora Tesiña de licenciatura (1980), convertiuse logo nun fermoso libro que se detén, principalmente, no estudo das escolas de orientación agropecuaria de ensino primario da provincia de Lugo, que impulsaron o empresario Antonio Fernández e a Inspección provincial de educación, entre 1948 e 1971. Para a rede de escolas que se estenderon por toda a provincia houbo un programa de “Cursillos de Formación agropecuaria para maestros del medio rural”, un espazo onde Valentín Arias chegaría a presentar en 1969 unha proposta de Cooperativa Escolar Rural de Lugo para servizo da rede de hortas escolares.

Non era Avelino Pousa un teórico da pedagogía, nin un intelectual coñecedor asinado das pedagogía científica internacional, dos debates metodolóxicos, e das centrais cuestións sometidas a debate na hora de emprender reformas sociais e políticas da educación; non era, tampouco, unha figura comparábel, por isto que veño de sinalar, coa media ducia de figuras do pensamento pedagóxico que para o mesmo tempo de vida existiron, por exemplo, en Cataluña. Porén, ¡como nos recorda tantas facetas da escola do *Pioulter* que en Vence (Niza) impulsaban polos mesmos anos Célestin e Élise Freinet!!, e como recorda outras tantas facetas da escola ucraína e rural de Pavlish, onde exerceu como mestre, educador e soñador de horizontes de xustiza e de liberdade Vasili Sujomlinski⁵, que nacera en 1918, este si autor dunha considerábel obra teórica pedagóxica, que acompañaba a súa fértil tarefa de educador!!! O membro do PCUS Vasili Sujomlinski, como Avelino Pousa, tamén cría que o primeiro acto da escola non comezaba dentro dela, senon ás súas portas, en contacto íntimo coa Natureza, para provocar dende alí, dende o sentido da beleza, o que S. Solovéichik definiu como o “despertar emocional da razón”; e, coma el, tamén coidaba a educación intelectual, a física, a moral e a emocional; atendía ao equilibrio mental, desde o coidado da saúde, nun clima de ledicia escolar, dende un pofundo amor e fe nos nenos, na súa forza e na súa capacidade. ¡Como nos fai acordantes, igualmente, da fermosa escola rural que nas terras arxentinas e polos mesmos anos coidaba o mestre Luís Fortunato Iglesias, fillo de galegos!!!. O mestre Luís Iglesias, tan recoñecido en América Latina entre os grandes educadores do século XX, e tan descoñecido en Galicia, fóra dos círculos da Nova Escola Galega, da que, en certo modo, foi socio de honra.

Hai, pois, en Avelino Pousa unha traxectoria de mestre, de educador e de soñador (dunha nación libre e solidaria), que nos fai lembrar aos grandes educadores do século XX. Isto pode ser anotado, facéndoo pervivente na nosa memoria social, cultural e pedagóxica, entre os esteos dun horizonte desexable.

Unha longa empatía

Por algún azar e sendo estudante universitario en Salamanca fun dar coa figura de Freinet, un mestre do rural e das terras de Niza en Francia. Dalí viría logo a preparación da Tesiña de Licenciatura presentada en xuño do 75, en galego: *Célestin Freinet, un pedagogo para Galicia?*, un texto onde tiveron ocasión de axuntar algúns datos sobre a galeguización do ensino e máis tamén de reproducir unha pequena mancha de textos libres escritos por nenos galegos e en galego naquela altura ou mesmo en tempo anterior, parte de les procedentes da recadada feita por Valentín Arias a través de *Faro de Vigo*, e que daquela me facilitara. Polo tempo, comecei a saber algunha cousa sobre a escola agrícola da Granxa Barreiros de Sarria, e sobre o colexio Fingoi, tamén impulsado por Don Antonio Fernández. Sería no Colexio onde puideron revisar as carpetas de documentación, coas que Bernardino Graña puidera preparar os *Contos populares da provincia de Lugo*. Entremedias alguén me deu o nome de Avelino

⁵ Arredor da súa obra contamos en castelán co texto SUJOMLINSKI, V. *Pensamiento pedagógico*. Moscú: Progreso, 1975.

Pousa, a quen lle escribín, mandando carta a Ponteceso, na vez de Pontecesures. A pesar do cambio de provincia, a carta chegou ás mans de Avelino, quen anos máis acó me entregaría fotocopia daquela e doutra misiva posterior.

En abril de 1988, cando o profesor Xulio Rodríguez López e eu mesmo acompañamos a Avelino na presentación en Negreira do seu libro *A escola agrícola da granxa Barreiros: unha escola para a Galicia rural*, así o recordaba na adicatoria do libro: “Para o amigo Antón Costa que xa hai 14 anos que se interesaba pola laboura da escola de Barreiros...”.

Avelino Pousa incorporárase en 1976 ao grupo de Santiago do Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega, isto é, o grupo galego de Pedagogía Freinet, de onde partiría en 1983 o primeiro impulso cara a fundación de Nova Escola Galega. Neste intervalo, a acción pedagóxica de Avelino Pousa xa pasara ás páxinas de *Cuadernos de Pedagogía*, despois dunha entrevista que Fabrici Caivano e eu mesmo lle fixeramos na súa casa, aínda en Compostela.

A empatía seguía, como tamén os pequenos encontros, con quen a finais dos setenta dera un extraordinario mitin no Pabillón dos Deportes da Coruña en nome de Unidade Galega, naquelas horas altas de emoción galeguista que conduciron a dispoñer do primeiro alcalde nacionalista na cidade, e con quen era dirixente, mais tamén militante afervorado da Causa. Isto é, con quen sentaba, dado o caso dos trasacordos políticos, no Hostal dos Reis Católicos, pero que á noite estaba a pegar carteis pola rúas de Santiago, quen sabe se acordando naqueles días de xuño do 36 previos ao Plebiscito do Estatuto, cando seica lle ciscou unha presada de chapapote ou cola ao Isaac Díaz Pardo, daquela das Xuventudes Comunistas.

Por todo iso, Avelino debía ser Socio de Honra de Nova Escola Galega, acompañando dez anos máis tarde, en 1993, aos mestres republicanos que así foran nomeados en 1983, por man cuidadosa do profesor Xosé Manuel Cid; facíao agora na compañía doutro dos vellos, o dignísimo Gregorio Sanz que, con 93 anos, aínda vivía en Ribadeo, e aínda o faría ata o 1997.

Sendo, quen escribe estas notas, Decano da Facultade de Ciencias da Educación, como non “aproveitar” a presenza deste mestre, educador e soñador, para achegárllelo ao alumnado de Maxisterio! E así foi: no 1998 foi o Padriño da quenda de alumnos e alumnas que naquel ano remataran. Engaiolounos coa súa fala, e quizais algunha semente deixou. Pasou a ser un invitado especial da nosa Casa. O Reitor Dario Villanueva impúxolle, a solicitude nosa (como tamén aconteceu coa Editorial Galaxia), a Insignia de Ouro da Universidade, insignia que dalí para diante portou sempre con algunha fachenda.

No 2000 e con ocasión do Día das Letras Galegas volveu de novo á Facultade para un simbólico e sinxelo acto. Arredor das nosas letras e da rememoración de Castelao, Avelino mellor ca ninguén. Ademais, plantamos un castiñeiro que el seleccionou, o único que hai nos arredores, e que inza de ano en ano, e xa van trece

dando castañas fermosas. Nel pousou as súas mans, Avelino, o patrón que sabía poñer a pucha con galanura.

Aínda a poucos meses de *mudar de horta* entrevistámolo para o simbólico número 50 da *Revista Galega de Educación*, feliz idea do profesor Xosé Lastra. E a escasos días antes de tal muda deume a man na súa casa de Teo, como dicindo: sen desánimo, adiante, adiante.

Texto escrito para o Acto de homenaxe que no aniversario da súa morte se lle tributou a Avelino Pousa no Concello de Teo o día 20 de Agosto de 2013, e publicado no nº 15 da publicación *Guieiros*, promovida pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiríz e pola Irmandade Avelino Pousa.